

A INDUSTRIALIZACIÓN


SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA O 24 E 26 DE MARZO

1.- Que cambios se produciron na agricultura no século XVIII?

As principais transformacións na agricultura foron:

- O inicio da rotación de cultivos permitiu a substitución do barbeito polo cultivo de plantas forraxeiras ou legumes.
- A introducción do uso de fertilizantes para fertilizar a terra e mellorar a súa produtividade.
- A xeneralización do cultivo de produtos chegados de América, como o millo e a pataca.
- A difusión de novas máquinas para realizar os principais labores agrícolas: arar, sementar, segar e mallar.

2.- Debuxa unha máquina de vapor e explica o seu funcionamento.



Como funciona:

Nunha caldeira alimentada con carbón ferve a auga cuxo vapor move un pistón e pon en marcha un balancín que fai virar unha gran roda.

3.- Que supuxo a invención da máquina de vapor? Como repercutiu no ferrocarril?

A máquina de vapor move outras máquinas, a partir da enerxía do vapor de auga. Permite producir a máis baixo custo, favorecendo a industrialización. Grazas a este invento, Stephenson fabricou unha locomotora a vapor, capaz de arrastrar sobre raís os vagóns do ferrocarril.

O ferrocarril converteuse no medio de transporte máis eficaz e rápido ata o momento. A construción do ferrocarril, con todo o que supuña - locomotoras, vagóns, vías, etc. - estimulou a produción de ferro e carbón nos Estados Unidos e Europa.

4.- Que cres que supuxo para o tráfico marítimo a invención do barco de vapor?

A invención do barco de vapor, fixo que as viaxes por mar foran a partir de entón moito máis rápidos e orixinaron un gran tráfico marítimo de persoas e mercadorías.

5.- Cales eran as condicións de vida e de traballo dunha familia obreira? Por que nas fábricas había tantas mulleres e nenos?

As condicións de vida dos obreiros eran moi duras:

- As xornadas de traballo eran moi longas, entre as 12 o 14 horas.
- Os salarios eran escasos.
- Non tiñan ningunha cobertura por enfermidade ou accidente.
- Non gozaban de vacacións.

Nas fábricas había mulleres e nenos porque o salario do pai non era suficiente para manter a familia.

6.- Que intereses defendían os sindicatos?

Os sindicatos reclamaban e defendían unha mellora nas condicións de vida e de traballo dos asalariados. Estas foron algunhas das súas demandas:

- Aumento de salario.
- Diminución das horas de traballo.
- Limitación do traballo das mulleres e os nenos e nenas.

7.- En que consiste unha folga? Por que é un medio de presión sobre os empresarios?

Unha folga é unha forma de protesta por parte dos traballadores para defender os seus intereses. Consiste na interrupción do traballo de forma temporal.

É unha medida de presión sobre os empresarios porque ao interromper a produción provocaba a diminución dos beneficios dos empresarios.

8.- Que é a sociedade de clases? Por que xorde? Que nova clase social aparece?

A sociedade de clases é unha forma de clasificar á sociedade na que un grupo de individuos conta cunha característica común que os vincula, tanto no social como no económico.

Xorde a partir da desigualdade orixinada polos que teñen mais ingresos e propiedades.

A nova clase social que aparece foi a burguesía.

9.- Cantas clases sociais hay durante o século XIX? Que características ten cada unha delas?

Coa Revolución Industrial naceron dúas clases:

- A burguesía: formada por aqueles que eran propietarios das terras, as fábricas, as máquinas, as materias primas, os produtos, etc. e dos beneficios dos seus negocios.
- Os obreiros: vivían do seu traballo e empregábanse por un salario baixo as condicións que impuñan os propietarios das empresas.

10.- Que influencia tivo a revolución industrial na arquitectura?

A industrialización do século XIX xerou novos materiais e novas técnicas que se utilizaron na arquitectura.

Os novos materiais (ferro, aceiro, vidro), producidos de forma industrial, permitiron erguer edificios máis elevados, lixeiros, espaciosos e iluminados.

Xurdiron, pois, edificios diferentes, non só na súa estrutura, senón tamén na súa función.

A sociedade urbana e industrial requiría espazos para os ferrocarrís, fábricas, almacéns, mercados, etc.

11.- Que materiais eran os máis utilizados nas novas construcións?

Os materiais máis utilizados nas novas construcións eran o ferro, o aceiro e o vidro.